



Priorización de vacunación en Galicia na situación de emerxencia polo Covid-19

A situación excepcional que estamos vivindo a causa do Covid-19, e a declaración do Estado de Alarma implica

- Limitacións na mobilidade e recomendacións de que as persoas sas non deben acudir aos centros sanitarios.
- Alteracións da actividade normal dos centros sanitarios, que son os puntos de vacunación habituais. O seu funcionamento pode estar afectado ben por sobrecarga asistencial ou por ter sufrido redución de profesionais dispoñibles.

As vacinacións, medida de saúde pública de primeiro orde, vense afectadas e por elo é necesario adoptar medidas temporais debido a estes cambios de forza maior.

A Dirección Xeral de Saúde Pública quere transmitir unha mensaxe de tranquilidade, dada a nosa situación epidemiolóxica de baixa prevalencia de enfermidades inmunoprevibles, e, valorando o risco beneficio, recomenda:

- manter a vacunación infantil especialmente nos 15 primeiros meses e sempre garantir as vacinas que corresponde administrar aos **2 meses (hexavalente + pneumocócica conxugada)** e **4 meses (hexavalente + pneumocócica conxugada + meningocócica C)**
- manter a vacunación en **embarazadas**
- manter na medida do posible a vacunación en grupos de moi **alto risco**, plantexando cando sexa posible a vacunación no seu domicilio..

Así mesmo, recoméndase reservar as doses de HB infantil para nenos de alto risco (fillos de nai portadora ou daquelas ás que non se puido realizar a seroloxía).

Durante este período de alarma, os Centros de Vacinación Internacional só atenderán consultas relacionadas con viaxes de tipo humanitario, de carácter profesional inaprazables ou aqueles que sexan por causa de forza maior. Deberá terse en conta que é posible que no seu destino poida ser sometido a medidas de limitación de movementos de diversa índole.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542930 - Fax: 881542970
www.sergas.es



En canto as autoridades sanitarias aconsellen recuperar a situación normal, as vacinacións reanudaranse, retomando o calendario que quedou interrompido e facendo os axustes necesarios para adaptalo á normalidade no menor tempo posible.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Saúde Pública

Andrés Paz-Ares Rodríguez

